



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
CPI Aurelio Marcelino Rey García



Curso
2021/22

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA



CPI Aurelio Marcelino Rey García

Curso 2021/22

ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	4
1.1 Introducción	4
1.2.- Características do centro educativo	5
1.3.- Situación	5
1.4.- Entorno socioeconómico, instalacións e personal	5
1.5.- Entidades relevantes do concello	6
2.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	8
2.1.- CONTRIBUCIÓN DAS MATERIAS ÁS COMPETENCIAS CLAVE 2º ESO TECNOLOXÍA	8
2.2.- CONTRIBUCIÓN DAS MATERIAS ÁS COMPETENCIAS CLAVE 3º ESO TECNOLOXÍA	11
2.3.- CONTRIBUCIÓN DAS MATERIAS ÁS COMPETENCIAS CLAVE 4º ESO TECNOLOXÍA	13
3.- OBXECTIVOS	16
3.1.- Obxectivos xerais da E.S.O.....	17
3.2.- Obxectivos concretos da tecnoloxía na E.S.O.....	18
4.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN, PROCEDEMENTOS/INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	20
4.1.- Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia y procedimieo e instrumentos de avaliación en 2ª de E.S.O	20
4.2.- Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia y procedimieo e instrumentos de avaliación en 3º de E.S.O	23
4.3.- Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia y procedimieo e instrumntos de avaliación en 4ª de E.S.O	25
4.4 Resumo da secuenciación dos contidos e das actividades e tarefas avaliábeis por avaliación	29
5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA	31
6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	31
7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO	32
7.1.- Avaliación continua	32
7.2.- Avaliación final.....	32
7.3.- Instrumentos de avaliación	32
7.4.- Recuperación de avaliacións non superadas.....	32
7.5.- Criterios de cualificación	33
8.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE	33
9.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....	36



10.- AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.....	36
11.- ELEMENTOS TRANSVERSALES	41
12.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	42
13.- MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS	42
14.- PLAN LECTOR	43

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

1.1 Introducción

A programación didáctica que se presenta e para desenvolver o currículo das materias de 2º, 3º e 4º da ESO de tecnoloxía asignadas ao departamento de Tecnoloxía do CPI Aurelio Marcelino Rey García, sito no concello de Cuntis.

Os currículos de Educación Secundaria Obrigatoria (E.S.O.), establecidos todos eles no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Resolución do 11 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Inovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2018/19, do currículo establecido no Decreto 86/2015 establece no seu artigo 27.3 os elementos que deben incluír as programacións didácticas.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, define a organización do ensino dentro do sistema educativo español. Así, establece que a o Ensino básico finaliza co E.S.O. e que é esta etapa a que da inicio ao ensino secundario.

A finalidade do E.S.O. consiste en lograr que os alumnos e alumnas adquiren aos elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanísticos, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver e consolidar neles hábitos de estudio e de traballo; prepararlos para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral e formalos para o exercicio dos seus dereitos e obrigas na vida como cidadáns e cidadás.

Así mesmo, a devandita lei establece as materias ofertadas dentro do bloque de materias específicas no primeiro ciclo, entre as que se atopa a de Tecnoloxía.

A Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, deulle unha nova redación ao artigo 6 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, para definir o currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de Ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas.

Para a redación da programación didáctica

RESOLUCIÓN do 29 de maio de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Inovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2019/20, do

currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docents da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os currículos das materias de Tecnoloxía que se imparten no E.S.O. estableceos o Decreto 86/2015, do 25 de xuño.

Segundo este, a tecnoloxía achegalle ao currículo a capacidade de analizar e redeseñar a relación entre os dispositivos tecnolóxicos e as necesidades sociais. Na resolución de problemas tecnolóxicos conxúganse, ademáis da innovación, elementos como o traballo en equipos ou o carácter emprendedor, que son imprescindibles para formar unha cidadanía autónoma e competente. Ademáis, o coñecemento da tecnoloxía proporciona unha imprescindible perspectiva científica-tecnolóxica sobre a necesidade de construír unha sociedade sustentable, formada por unha cidadanía crítica con respecto ao que acontece arredor dela.

A Resolución do 11 de maio de 2018 establece no seu artigo 27.1 que os departamentos didácticos dos centros docents serán os encargados de desenvolver o currículo establecido mediante a programación didáctica de cada materia de cada curso que teña encomendada na organización do centro.

1.2.- Características do centro educativo

Este centro alberga Ensino infantil, primaria e E.S.O. Actualmente acolle dúas aulas por cada curso do primeiro nivel de E.S.O. e unha para o Segundo nivel

1.3.- Situación

Cuntis é un concello eminentemente rural situado na comarca de Caldas.

Conta na actualidade con pouco máis de 5000 habitantes, dos que aproximadamente o 10% son menores de 15 anos

A poboación está dividida en pequenos núcleos, estando a capital do concello parroquia de Cuntis, o concello ten oito parroquias, entidades relevantes no mapa anexo.

1.4.- Entorno socioeconómico, instalacións e personal

Entorno socioeconómico

No último informe da zona franca de Vigo o concello de Cuntis ten aproximadamente 425 empresas das que ningunha delas supera os 100 empregados é de resaltar que só 30 superan os 5 empregados

Instalacións.

O CPI Aurelio Marcelino Rey García conta con aulas correspondentes para os diferentes niveis, todas dotadas de ordenador e encerado dixital interactivo. Todas as aulas de E.S.O. son aulas Abalar con un ordenador portátil dispoñible por alumno. Ademais dispón de un laboratorio de Ciencias Naturais, ximnasio, aula de plástica, aula de música, biblioteca e unha aula obradoiro de Tecnoloxía.

No exterior, aséntase nunha parcela de 5000 m², hai dúas pistas deportivas e no exterior localízase o pavillón municipal.

Persoal

O CPI Aurelio Marcelino Rey García conta actualmente con 43 profesores e profesoras dos que 17 corresponden á E.S.O, unha coidadora, unha administrativa, un subaltern, limpiadoras e cociñeiras. O seu equipo directivo está formado por Directora, Secretaría, Xefa de estudos de infantil e primaria e Xefe de estudos de secundaria. O departamento de Tecnoloxía é unipersoal

1.5.- Entidades relevantes do concello



ROTAS DE SENDEIRISMO

- Circular de Cuntis
- Da Auga
- Arqueolóxica
- Xesteiras
- Cuntis-Valga





2.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

2.1.- CONTRIBUCIÓN DAS MATERIAS ÁS COMPETENCIAS CLAVE 2º ESO TECNOLOXÍA

Tecnoloxía 2º ESO

Estándares de aprendizaxe	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
Bloque 1. Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos							
TEB1.1.1. Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos	X	X	X	X	X	X	X
TEB1.2.1. Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo	X	X	X	X			
TEB 1.2.2. Constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos		X		X		X	
TEB 1.2.3. Traballa en equipo de xeito responsable e respectuoso				X	X	X	
Bloque 2. Expresión e comunicación técnica							
TEB2.1.1. Representa mediante vistas e perspectivas obxectos e sistemas técnicos, mediante esbozos e empregando criterios normalizados de cotación e escala.		X		X			
TEB2.2.1. Interpreta esbozos e bosquexos sinxelos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.		X		X			
TEB2.3.1. Produce os documentos relacionados cun prototipo sinxelo empregando software específico de apoio.	X	X	X	X			
Bloque 3. Materiais de uso técnico							
TEB3.1.1. Describe as características propias dos materiais de uso técnico.	X	X					



TEB3.1.2. Identifica tipos de materiais con que están fabricados obxectos técnicos cotiás.		X		X			
TEB3.2.1. Identifica e manipula con seguridade as ferramentas do taller en operacións básicas de conformación dos materiais de uso técnico.		X		X	X	X	
TEB3.2.2. Elabora un plan de traballo no taller con especial atención ás normas de seguridade e saúde.		X		X	X	X	
Bloque 4. Máquinas e sistemas: estruturas, mecanismos e circuítos eléctricos							
TEB4.1.1. Describe audiovisual ou dixital, as características propias que configuran os tipos de estruturas, apoiándose en información escrita.	X	X	X				
TEB4.1.2. Identifica os esforzos característicos e a súa transmisión nos elementos que configuran a estrutura.		X		X			
TEB4.2.1. Describe, mediante información escrita e gráfica, como transforman e transmiten o movemento distintos mecanismos.	X	X					
TEB4.2.2. Calcula a relación de transmisión de elementos mecánicos como as poleas e as engrenaxes.		X					
TEB4.2.3. Explica a función dos elementos que configuran unha máquina ou un sistema desde o punto de vista estrutural e mecánico.	X	X					
TEB4.2.4. Simula mediante software específico e mediante simboloxía normalizada sistemas mecánicos.		X	X				
TEB4.2.5. Deseña e monta sistemas mecánicos que cumpran unha función determinada.		X		X		X	



TEB4.3.1. Deseña e monta circuitos eléctricos básicos empregando lámpadas, zumbadores, motores, baterías e conectores.		X		X		X	
TEB4.3.2. Deseña circuitos eléctricos básicos, utilizando software específico e simboloxía adecuada, e experimenta cos elementos que o configuran.		X	X	X		X	
Bloque 5. Tecnoloxías da información e da comunicación							
TEB5.1.1. Identifica as partes dun computador.		X	X				
TEB5.2.1. Manexa programas e software básicos.		X	X				
TEB5.2.2. Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.		X	X				
TEB5.2.3. Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos sinxelos con equipamentos informáticos.	X	X	X	X		X	
TEB5.3.1. Deseña e elabora aplicacións informáticas sinxelas mediante un contorno de programación gráfico.		X	X	X		X	X

2.2.- CONTRIBUCIÓN DAS MATERIAS ÁS COMPETENCIAS CLAVE 3º ESO TECNOLOXÍA

Tecnoloxía 3º ESO							
Estándares de aprendizaxe	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
Bloque 1. Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos							
TEB1.1.1. Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	X	X	X	X	X	X	X
TEB1.2.1. Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo.	X	X	X	X			
TEB1.2.2. Constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.		X	X			X	
TEB1.2.3. Traballa en equipo de xeito responsable e respectuoso.				X	X	X	
Bloque 2. Expresión e comunicación técnica							
TEB2.1.1. Interpreta esbozos e bosquexos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.			X				X
TEB2.2.1. Produce os documentos relacionados cun prototipo empregando software específico de apoio.	X						
Bloque 3. Materiais de uso técnico							
TEB3.1.1. Describe as características propias dos materiais de uso técnico, comparando as súas propiedades.	X	X	X				
TEB3.1.2. Explica as técnicas de identificación das propiedades mecánicas dos materiais de uso técnico.	X	X	X				
Bloque 4. Máquinas e sistemas: electricidade, electrónica e control							



TEB4.1.1. Explica os principais efectos da corrente eléctrica e a súa conversión.	X	X					
TEB4.2.1. Utiliza os instrumentos de medida para coñecer as magnitudes eléctricas de circuitos básicos.		X		X			
TEB4.2.2. Calcula as magnitudes eléctricas básicas en circuitos eléctricos sinxelos.		X					
TEB4.3.1. Deseña e monta circuitos eléctricos e electrónicos básicos empregando lámpadas, zumbadores, díodos LED, transistores, motores, baterías, conectores, condensadores e resistencias.		X		X		X	
TEB4.3.2. Deseña circuitos eléctricos básicos, utilizando software específico e simboloxía adecuada, e experimenta cos elementos que o configuran.		X	X	X		X	
TEB4.4.1. Elabora un programa informático que xestione o funcionamento dun sistema de control.		X	X	X		X	
Bloque 5. Tecnoloxías da información e da comunicación							
TEB5.1.1. Identifica as partes dun computador e é capaz de substituír e montar pezas clave.		X	X	X		X	
TEB5.2.1. Manexa espazos web, plataformas e outros sistemas de intercambio de información.		X	X	X		X	
TEB5.2.2. Coñece as medidas de seguridade aplicables a cada situación de risco.		X	X	X	X		
TEB5.3.1. Instala e manexa programas e software básicos.		X	X	X			
TEB5.3.2. Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.		X	X	X			



TEB5.3.3. Elabora, presenta e difunde pro- xectos técnicos con equipamentos informá- ticos.	X	X	X	X		X	
---	---	---	---	---	--	---	--

2.3.- CONTRIBUCIÓN DAS MATERIAS ÁS COMPETENCIAS CLAVE 4º ESO TECNOLOXÍA

Tecnoloxía 4º ESO							
Estándares de aprendizaxe	CCL	CMCCT	CD	CA A	CSC	CSIEE	CCEC
Bloque 1. Tecnoloxías da información e da comunicación							
TEB1.1.1. Describe os elementos e os sis- temas fundamentais que se utilizan na co- municación con fíos e sen eles.	X	X	X				
TEB1.1.2. Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.	X	X	X				
TEB1.2.1. Localiza, intercambia e publica información a través de internet empre- gando servizos de localización, comunica- ción intergrupar e xestores de transmisión de son, imaxe e datos.			X	X		X	
TEB1.2.2. Coñece as medidas de seguri- dade aplicables a cada situación de risco.			X		X		
TEB1.3.1. Desenvolve un programa infor- mático sinxelo para resolver problemas, utilizando unha linguaxe de programación.		X	X	X		X	
TEB1.4.1. Utiliza o computador como ferra- menta de adquisición e interpretación de datos, e como realimentación doutros pro- cesos cos datos obtidos.		X	X	X			
Bloque 2. Instalacións en vivendas							
TEB2.1.1. Diferencia as instalacións típicas nunha vivenda.		X		X			



TEB2.1.2. Describe os elementos que compoñen as instalacións dunha vivenda.	X	X					
TEB2.2.1. Interpreta e manexa simboloxía de instalacións eléctricas, calefacción, subministración de auga e saneamento, aire acondicionado e gas.		X		X			
TEB2.2.2. Deseña con axuda de software unha instalación para unha vivenda tipo con criterios de eficiencia enerxética.		X	X		X	X	
TEB2.3.1. Realiza montaxes sinxelos e experimenta e analiza o seu funcionamento.		X		X		X	
TEB2.4.1. Propón medidas de redución do consumo enerxético dunha vivenda.				X	X	X	
Bloque 3. Electrónica							
TEB3.1.1. Describe o funcionamento dun circuíto electrónico formado por compoñentes elementais.	X	X					
TEB3.1.2. Explica as características e as funcións de compoñentes básicos: resistor, condensador, díodo e transistor.	X	X					
TEB3.2.1. Emprega simuladores para o deseño e a análise de circuítos analóxicos básicos, utilizando simboloxía axeitada.		X	X	X		X	
TEB3.3.1. Realiza a montaxe de circuítos electrónicos básicos deseñados previamente.		X					
TEB3.4.1. Realiza operacións lóxicas empregando a álgebra de Boole.		X					
TEB3.4.2. Relaciona formulacións lóxicas con procesos técnicos.		X		X		X	
TEB3.5.1. Resolve mediante portas lóxicas problemas tecnolóxicos sinxelos.		X		X		X	
Bloque 4. Control e robótica							



TEB4.1.1. Describe os compoñentes dos sistemas automáticos.	X	X					
TEB4.1.2. Analiza o funcionamento de automatismos en dispositivos técnicos habituais, diferenciando entre lazo aberto e pechado.		X		X			
TEB4.2.1. Representa e monta automatismos sinxelos.		X		X			
TEB4.3.1. Desenvolve un programa para controlar un sistema automático ou un robot que funcione de forma autónoma en función da realimentación que recibe do contorno.		X	X	X		X	
Bloque 5. Neumática e hidráulica							
TEB5.1.1. Describe as principais aplicacións das tecnoloxías hidráulica e pneumática.	X	X					
TEB5.2.1. Identifica e describe as características e o funcionamento deste tipo de sistemas.	X	X					
TEB5.3.1. Emprega a simboloxía e a nomenclatura para representar circuitos que resolvan un problema tecnolóxico.		X		X		X	
TEB5.4.1. Realiza montaxes de circuitos sinxelos pneumáticos ou hidráulicos con compoñentes reais ou mediante simulación.		X	X	X		X	
Bloque 6. Tecnoloxía e sociedade							
TEB6.1.1. Identifica os cambios tecnolóxicos máis importantes que se produciron ao longo da historia da humanidade.		X		X	X		X
TEB6.2.1. Analiza obxectos técnicos e a súa relación co contorno, interpretando a		X		X	X		X



súa función histórica e a evolución tecnolóxica.							
TEB6.3.1. Elabora xuízos de valor fronte ao desenvolvemento tecnolóxico a partir da análise de obxectos, relacionado inventos e descubertas co contexto en que se desenvolven.	X	X			X		X
TEB6.3.2. Interpreta as modificacións tecnolóxicas, económicas e sociais en cada período histórico, axudándose de documentación escrita e dixital.	X	X	X	X	X		X

3.- OBXECTIVOS

3.1.- Obxectivos xerais da E.S.O.

Segundo o artigo 10 do decreto 86/20115, de 25 de xuño, a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3.2.- Obxectivos concretos da tecnoloxía na E.S.O.

Os obxectivos concretos da materia de Tecnoloxía contribúen, xunto ao resto de materias da Educación Secundaria Obrigatoria, á consecución dos obxectivos da etapa, é por iso que se fai necesario un enfoque multidisciplinar que garanta a adquisición dos mesmos.

Tal e como se fixo referencia no apartados anteriores, a contribución aos obxectivos **e) e f)**, parte da base de que esta materia aglutina os coñecementos e métodos de traballo de diferentes disciplinas científicas, aplicando as aprendizaxes adquiridas a situacións reais, utilizando diversos métodos de resolución de problemas para obter unha solución, sendo necesaria a procura e o tratamento da información con un sentido crítico, e a presentación e exposición de resultados, polo que proporciona unha preparación básica nas tecnoloxías da información e a comunicación.

A metodoloxía de traballo activa e por proxectos que se expón ao longo de toda a etapa, favorece a contribución á consecución dos obxectivos **(a), (b), (c), (d) e (g)**. De maneira constante expónselle ao alumnado situacións ou problemas técnicos que debe resolver, para o que debetomar decisións de maneira individual e de acordo co seu grupo de traballo, isto implica asumir responsabilidades, fomentar hábitos de traballo, propiciar a creatividade na aprendizaxe, desenvolver o espírito crítico e emprendedor, ser tolerante coas opinións dos demais, valorar as aportacións do resto do grupo, ter actitudes que fomenten a cooperación



no grupo de traballo evitando calquera forma de discriminación en definitiva, adquirir unha conciencia cívica e social que lle permita incorporarse a unha sociedade máis xusta e igualitaria.

A contribución ao obxectivo **(h)**, relacionado co uso da lingua castelá e inglesa, é inmediata dende o momento que o alumnado debe comprender as mensaxes que se lle transmiten e debe ser capaz de expresarse de maneira correcta e facer uso do vocabulario adecuado en diferentes contextos. Este factor é imprescindible para o propio proceso da aprendizaxe, ademais da necesidade de transmitir mensaxes claras e coherentes cando presenta as solucións aos problemas técnicos que se lle expuxeron e os desenvolvementos realizados.

Da mesma forma, a contribución ao obxectivo **(k)**, relativo ao consumo, saúde e medioambiente, realízase desde a necesidade de valorar o desenvolvemento tecnolóxico mantendo unha actitude crítica cara ao consumo excesivo, valorando as repercusións ambientais dos procesos tecnolóxicos e salientando sobre o compromiso de avanzar cara a un desenvolvemento sustentablel.

Así mesmo, no traballo no taller teranse en conta as medidas de seguridade e hixiene necesarias para manter unha contorna de traballo seguro e saudable.

No proceso de creación e desenvolvemento dos prototipos faise necesaria unha achega creativa relacionada co deseño do produto, tanto a nivel estético como ergonómico, achega que se vai enriquecendo ao longo da etapa.

Da mesma forma, realízanse análise sobre laevolución estética e de deseño dos produtos tecnolóxicos presentes no mercado en base ao seu uso social, aspectos que reflicten unha clara contribución aos obxectivos **(j) e (l)**.



4.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN, PROCEDEMENTOS/INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

4.1.- Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia y procedi- miento e instrumentos de avaliación en 2ª de E.S.O

4.1. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE

TECNOLOXÍA 2º ESO

**Procedementos e instrumentos: 1: Probas escritas , 2: Resolución de exercicios, entrega de traballos, prácti-
 cas ou produtos informáticos. 3: Observación directa, 4: Proxectos (elaboración do prototipo e da memoria)**

Estándares de aprendizaxe	Temporalización	% Consecu- ción mínima	Procedementos e instrumentos			
			1	2	3	4
Bloque 1. Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos						
TEB1.1.1. Diseña un prototipo que da solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos	T1 – T2 – T3	50%	50%	20%	10%	20%
TEB1.2.1. Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo	T1 – T2 – T3	50%	50%	20%	10%	20%
TEB 1.2.2. Constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos	T1 – T2 – T3	50%	50%	20%	10%	20%
TEB 1.2.3. Traballa en equipo de xeito responsable e respectuoso	T1 – T2 – T3	50%	50%	20%	10%	20%
Bloque 2. Expresión e comunicación técnica						
TEB2.1.1. Representa mediante vistas e perspectivas obxectos e sistemas técnicos, mediante esbozos e empregando criterios normalizados de cotación e escala.	T1 - T2	50%	50%	20%	10%	20%



TEB2.2.1. Interpreta esbozos e bosque-xos sinxelos como elementos de infor-mación de produtos tecnolóxicos.	T1 – T2	50%	50%	20%	10%	20%
TEB2.3.1. Produce os documentos rela-cionados cun prototipo sinxelo empre-gando software específico de apoio.	T1 – T2 – T3	50%	50%	20%	10%	20%
Bloque 3. Materiais de uso técnico						
TEB3.1.1. Describe as características propias dos materiais de uso técnico.	T1 – T2	50%	50%	20%	10%	20%
TEB3.1.2. Identifica tipos de materiais con que están fabricados obxectos téc-nicos cotiás.	T1 – T2	50%	50%	20%	10%	20%
TEB3.2.1. Identifica e manipula con se-guridade as ferramentas do taller en operacións básicas de conformación dos materiais de uso técnico.	T1 – T2	50%	50%	20%	10%	20%
TEB3.2.2. Elabora un plan de traballo no taller con especial atención ás normas de seguridade e saúde.	T1 – T2	50%	50%	20%	10%	20%
Bloque 4. Máquinas e sistemas: estruturas, mecanismos e circuítos eléctricos						
TEB4.1.1. Describe audiovisual ou dixi-tal, as características propias que confi-guran os tipos de estruturas, apoiándose en información escrita.	T1 – T2	50%	50%	20%	10%	20%
TEB4.1.2. Identifica os esforzos caracte-rísticos e a súa transmisión nos elemen-tos que configuran a estrutura.	T1 – T2	50%	50%	20%	10%	20%
TEB4.2.1. Describe, mediante informa-ción escrita e gráfica, como transforman e transmiten o movemento distintos me-canismos.	T2	50%	50%	20%	10%	20%
TEB4.2.2. Calcula a relación de transmi-sión de elementos mecánicos como as poleas e as engrenaxes.	T2	50%	50%	20%	10%	20%



TEB4.2.3. Explica a función dos elementos que configuran unha máquina ou un sistema desde o punto de vista estrutural e mecánico.	T2	50%	50%	20%	10%	20%
TEB4.2.4. Simula mediante software específico e mediante simboloxía normalizada sistemas mecánicos.	T3	50%	50%	20%	10%	20%
TEB4.2.5. Deseña e monta sistemas mecánicos que cumpran unha función determinada.	T2 – T3	50%	50%	20%	10%	20%
TEB4.3.1. Deseña e monta circuítos eléctricos básicos empregando lámpadas, zumbadores, motores, baterías e conectores.	T3	50%	50%	20%	10%	20%
TEB4.3.2. Deseña circuítos eléctricos básicos, utilizando software específico e simboloxía adecuada, e experimenta cos elementos que o configuran.	T3	50%	50%	20%	10%	20%
Bloque 5. Tecnoloxías da información e da comunicación						
TEB5.1.1. Identifica as partes dun computador.	T1	50%	50%	20%	10%	20%
TEB5.2.1. Manexa programas e software básicos.	T1 – T2 – T3	50%	50%	20%	10%	20%
TEB5.2.2. Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.	T1 – T2 – T3	50%	50%	20%	10%	20%
TEB5.2.3. Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos sinxelos con equipamentos informáticos.	T1 – T2 – T3	50%	50%	20%	10%	20%
TEB5.3.1. Deseña e elabora aplicacións informáticas sinxelas mediante un contorno de programación gráfico.	T3	50%	50%	20%	10%	20%



4.2.- Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia y procedi- miento e instrumentos de avaliación en 3º de E.S.O

4.2. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE

TECNOLOXÍA 3º ESO

**Procedementos e instrumentos: 1: Probas escritas , 2: Resolución de exercicios, entrega de traballos, prácti-
 cas ou produtos informáticos. 3: Observación directa, 4: Proxectos (elaboración do prototipo e da memoria)**

Estándares de aprendizaxe	Temporalización	% Consecu- ción mínima	Procedementos e instrumentos			
			1	2	3	4
Bloque 1. Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos						
TEB1.1.1. Diseña un prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	T1 – T2 – T3	50%	50%	20%	10%	20%
TEB1.2.1. Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo.	T1 – T2 – T3	50%	50%	20%	10%	20%
TEB1.2.2. Constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	T1 – T2 – T3	50%	50%	20%	10%	20%
TEB1.2.3. Traballa en equipo de xeito responsable e respectuoso.	T1 – T2 – T3	50%	50%	20%	10%	20%
Bloque 2. Expresión e comunicación técnica						
TEB2.1.1. Interpreta esbozos e bosquejos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.	T1 – T2 – T3	50%	50%	20%	10%	20%
TEB2.2.1. Produce os documentos relacionados cun prototipo empregando software específico de apoio.	T1 – T2 – T3	50%	50%	20%	10%	20%
Bloque 3. Materiais de uso técnico						



TEB3.1.1. Describe as características propias dos materiais de uso técnico, comparando as súas propiedades.	T1	50%	50%	20%	10%	20%
TEB3.1.2. Explica as técnicas de identificación das propiedades mecánicas dos materiais de uso técnico.	T1	50%	50%	20%	10%	20%
Bloque 4. Máquinas e sistemas: electricidade, electrónica e control						
TEB4.1.1. Explica os principais efectos da corrente eléctrica e a súa conversión.	T2 – T3	50%	50%	20%	10%	20%
TEB4.2.1. Utiliza os instrumentos de medida para coñecer as magnitudes eléctricas de circuitos básicos.	T2 – T3	50%	50%	20%	10%	20%
TEB4.2.2. Calcula as magnitudes eléctricas básicas en circuitos eléctricos sinxelos.	T2 – T3	50%	50%	20%	10%	20%
TEB4.3.1. Deseña e monta circuitos eléctricos e electrónicos básicos empregando lámpadas, zumbadores, díodos LED, transistores, motores, baterías, conectores, condensadores e resistencias.	T2 – T3	50%	50%	20%	10%	20%
TEB4.3.2. Deseña circuitos eléctricos básicos, utilizando software específico e simboloxía adecuada, e experimenta cos elementos que o configuran.	T2 – T3	50%	50%	20%	10%	20%
TEB4.4.1. Elabora un programa informático que xestione o funcionamento dun sistema de control.	T3	50%	50%	20%	10%	20%
Bloque 5. Tecnoloxías da información e da comunicación						
TEB5.1.1. Identifica as partes dun computador e é capaz de substituír e montar pezas clave.	T1	50%	50%	20%	10%	20%
